



L
u
g
o

O recanto
do Menéndez

Xornal Escolar Dixital

C.E.I.P. MENÉNDEZ
PELAYO

Nº 1 Maio 2008

Día das verbas galegas 2008

Adicado á "SAUDADE"

Saudade non ten tradución a ningunha lingua. Compartida por galegos e portugueses, ten unha diferenza entre ambos. Para os portugueses é ausencia de calquera cousa; para os galegos só da terra, de Galiza, presenza que, aínda estando nela, non é completa. Dicía Rafael Dieste que unha vez nela (Galiza) a terra pide máis, algo que un non sabe o que máis é.

A **saudade** (vocábulo galego-portugués, á súa vez do latín solitudo, -inis, "soidade") é un sentimento de melancólico recordo dunha alegría ausente, pero cuxa fonte pode retornar no futuro previsible. O termo, que expresa unha emoción ambigua, considerouse un dos máis difíciles de traducir, e é un dos conceptos crave da lingua e a cultura galego-portuguesa. A saudade é a emoción predominante do fado, e alenta tamén a bossa nova brasileira.

De orixe galego, e á súa vez do latín, a saudade foi unha palabra definitoria de tres culturas: a galega, a portuguesa e a brasileira. Saudade, xa sexa unha emoción, un sentimento ou un pensamento, é unha das palabras máis importantes da lingua destes pobos. É a raíz do fado e da samba; trátase dunha voz que contén a esencia da vida, a tristeza e a alegría, o pasado (recordos), o presente e o futuro nun instante simultáneo.

A saudade, como sustancia e palabra, sempre estivo explícita no dinamismo cultural. Para exemplificar a súa importancia, pódese mencionar o movemento literario - espiritual, a principios do século XX en Portugal, coñecido como Saudosismo. A súa xestación e fundamento deuse a través da saudade e, ata o día de hoxe, mantén unha influencia significativa na cultura daqueles países. Dentro dos nomes que formaron parte desta escola atópase Fernando Pessoa.

Saudade é tamén o elemento definidor do sentimento do emigrante galego alén do mar

O sentido da palabra

- Estrañar
- Botar de menos
- Facer falta



O recanto
do Menéndez

Poema "SAUDADE"

Agarrarse o dedo cunha porta doe.
 Golpearse a cara contra o piso, doe.
 Torcerse o nocello, doe.
 Unha labazada, un puntapé, doen.
 Doe golpearse a cabeza co bordo da mesa,
 Doe morderse a lingua, unha carie e pedras nos riles tamén doen.
 Pero o que máis doe é a saudade.
 Saudade dun irmán que vive lonxe.
 Saudade dunha ferverza da infancia.
 Saudade do gusto dunha froita que non se atopa máis.
 Saudade do papá que morreu, do amigo imaxinario que nunca existiu...
 Saudade dunha cidade.
 Saudade de nós mesmos, cando vemos que o tempo non nos perdoa.
 Doen todas estas saudades.
 Pero a saudade que máis doe é a saudade de quen se ama.
 Saudade da pel, do cheiro, dos bicos. Saudade da presenza, e ata da ausencia consentida.
 Ti podías quedarte na sala, e ela no cuarto, sen verse, pero sabéndose aí.
 Ti podías ir para o dentista e ela para a facultade, pero se sabían alí.
 Ti podías pasar o día sen vela, ela o día sen verte, pero sabían do día de mañá.
 Pero cando o amor dun acaba, ou se torna menor, ao outro lle sobra unha saudade que ninguén sabe como deter.
 Saudade é basicamente non saber. Non saber máis se ela continúa sufrindo en ambientes fríos.
 Non saber se el continúa sen afeitarse por causa daquela alerxia.
 Non saber se ela aínda usa aquela mini.
 Non saber se el foi á consulta co médico como prometeu.
 Non saber se ela alimentouse ben ultimamente por causa desa teima de estar sempre ocupada.
 Se el estivo indo ás clases de inglés, se aprendeu a entrar na Internet e atopar a páxina do Diario Oficial.
 Se ela aprendeu a estacionar entre dous coches.
 Se el continúa preferindo a cervexa escura. Se ela continúa preferindo mollo de laranxa.
 Se el continúa sorrindo con aqueles ollos apertados...
 Se ela segue bailando daquela forma enloquecedora ...
 Se el continúa cantando tan ben.
 Se ela continúa detestando Mc Donald's.
 Se el continúa amando.
 Se ela segue chorando ata nas comidas.
 Saudade realmente é non saber!
 Non saber que facer cos días que son máis longos.
 Non saber como atopar tarefas que deteñan o pensamento, non saber como frear as bágoas ao escoitar esa música,
 non saber como vencer a dor dun silencio...
 Saudade é non querer saber se ela está con outro, e ao mesmo tempo querer.
 É non saber se el está feliz, e ao mesmo tempo preguntar a todos os amigos por iso...
 É non querer saber se el está mais fraco, se ela está mais linda.
 Saudade é nunca máis saber de quen se ama, e mesmo así doer.
 Saudade é isto que sentín mentres estaba escribindo e o que ti, probablemente, estas sentindo agora logo de ler...
 "Nalgunha outra vida, debemos facer algo moi grave para sentir tanta saudade..."

Por Miguel Falabella

Miguel Falabella dedicou trinta anos a escribir e dirixir obras para o teatro e a televisión, ademais de ser un actor con experiencia en moitos medios.